

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Xogos

[Xogo] Ás Cirindainas

Xogo tamén coñecido como ás Tirandainas, Tirindainas, ás Tinguilingainas, Magadaina, á Zamporretaina, Toletina, Toletaina e Diridama.

Xogan dous e consiste en adiviñar o número de cousas (fabas, garavanzos, pedras...) que o outro ten na man.

Un colle unha puñada e di:

Ás cirindainas!

Abre o puño e dámas! responde o outro.

O que ten as cousas na man abre o puño para péchalo rapidamente e preguntar:

Sobor de cantas?

O outro responde o que lle parece. Se atina, quédase con todo; se non acerta ten que pagar a diferenza entre as que son e as que dixo.

Poden fixar previamente o número de tiradas e facelas seguidas, primeiro un e despois o outro, ou alternalas.

Tamén poden acordar que o que perda pague algunha consumición.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anexo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.

